

***BUSCATERMOS:***  
**BANCO DE DATOS TERMINOLÓXICO MULTILINGÜE**

*Xusto Rodríguez Río*

Servizo de Normalización Lingüística  
(Universidade de Santiago de Compostela)

Este traballo ten por obxecto presentar o *bUSCatermos* e mais o *Banco de Datos Terminolóxico (BDT)* do Servizo de Normalización Lingüística da USC, intentando destacar tamén algunhas das utilidades que pode ter para o traballo lexicográfico.

*bUSCatermos* non é máis ca a parte visible do *BDT*: unha interface que permite realizar consultas no corpus de información dese banco a través de Internet. Xa que logo, o verdadeiramente relevante é a cantidade e o tipo de información que se compila neste e a forma en que se organiza.

Actualmente, o *BDT* agrupa información procedente de tres tipos de fontes:

(1) A produción terminolóxica sistemática elaborada polo SNL.

Componse de tres tipos de repertorios: *vocabularios* (abranguen grandes áreas de especialidade e compilan un número de conceptos relativamente alto, normalmente entre 4.000 e 5.000), *léxicos* (atenden a ámbitos especializados máis restrinxidos, e oscilan entre os 1.000 e os 3.000 conceptos) e *termos esenciais* (produtos pensados especificamente para o alumnado que se limitan a recoller e divulgar terminoloxía relevante dentro dos plans de estudo de diferentes titulacións).


(2) A produción terminolóxica puntual desta mesma entidade.

Consta de varios milleiros de fichas en que se recolle e se xustifica a resposta a consultas formuladas sobre termos concretos das máis diversas áreas de especialidade.

(3) Un conxunto de dicionarios e vocabularios técnicos<sup>1</sup> que tratan áreas de interese para a comunidade da USC e que teñen o galego entre as súas linguas de traballo.

Todo este conxunto de materiais intégrase nunha base de datos, reelabórase, complétase e analízase desde o punto de vista da súa calidade lingüística, de tal forma que o produto resultante é cualitativamente diferente –pensamos que para mellor– á suma das partes que o compoñen. E sobre el é onde *bUSCatermos* realiza as consultas que lle formulan os usuarios.

O seguinte esquema reproduce de xeito visual o proceso que acabamos de describir:



O labor máis custoso<sup>2</sup> de toda esta secuencia é indubidablemente a reelaboración dos materiais, pero parecíanos evidente a necesidade de abordala, tendo en conta o obxectivo que pretendemos acadar. Se o que intentamos é proporcionarlles a todos os membros da comunidade da USC<sup>3</sup> unha ferramenta que lles axude a mellorar a calidade dos textos técnicos que elaboran,

1. A escolla destes repertorios non se fai de xeito aleatorio, senón que previamente deben cumprir unha serie de condicións: (1) deben centrarse en áreas estudadas dentro dalgunha titulación impartida na USC; (2) deben acadar un grao de calidade mínimo que as faga aproveitables como fontes de consulta; (3) os autores deben autorizar explicitamente a súa utilización e inclusión no *BDT*, e (4) debe tratarse de produtos elaborados sen vocación comercial (que se distribuíron gratuitamente, que son accesibles de balde a través de Internet...) ou que xa remataron a súa “vida comercial útil” (traballos esgotados, de acceso moi difícil...).
2. Non só é custoso, senón que tamén se pode entender como “inacabable”, xa que cada vez que se engade un novo repertorio ao *Banco* cumpriría reelaboralo tendo en conta as posibles coincidencias e contradicións con todo o material preexistente.
3. *bUSCatermos* é accesible desde calquera ordenador conectado á rede informática desta institución.

facilitándolles a busca de terminoloxía precisa e adecuada e orientándoos sobre o seu emprego, tiñamos que ir máis alá da simple acumulación de materiais terminográficos. E tiñamos que facelo porque non é insólito que os diferentes dicionarios ou vocabularios recomenden solucións diferentes –ou aínda contraditorias– para a mesma cuestión terminolóxica; polo que esa vocación orientadora do uso non se podería desenvolver a través dunha compilación do tipo dun *dicionario de dicionarios especializados*.

Ese labor de reelaboración do material recollido concrétase fundamentalmente en tres accións:

(1) Reestrutúrase para intentar presentalo segundo un enfoque onomasiolóxico.

Os dicionarios que seguen pautas semasiolóxicas agrupan baixo unha mesma denominación (o *lema*) todos os conceptos que son representados por ela (as *acepcións*). Pero os traballos terminográficos deben tomar como unidade básica o concepto, vinculando a el todas as *designacións* que poida recibir nunha lingua.

Por exemplo, o *Diccionario galego de termos médicos (DGTM)* inclúe dentro da entrada “adaptación” oito acepcións diferentes:

**adaptación** *s.f.* 1. Acto ou efecto de adaptar. 2. Acomodación. 3. Adquisición das modificacións que permiten que un organismo viva nun novo ambiente ou en condicións novas. 4. Proceso dinámico no que os pensamentos, sentimentos, comportamento e mecanismos biofisiolóxicos cambian para axustarse ós cambios do ambiente. 5. Axuste da pupila do ollo ás variacións da intensidade da luz. 6. Inmunización. 7. En odontoloxía, axuste axeitado dunha dentadura, grao de proximidade e entrelazamento de material de restauración dunha preparación dental ou axuste exacto de bandas ós dentes. 8. Diminución da frecuencia de impulsos na actividade reflexa cando se repiten varias veces os estímulos sensoriais.

Trasladada esta información ao *BDT*, produce 6 fichas terminolóxicas: unha por cada un dos conceptos que describe cada acepción excluídas as dúas primeiras, que se poden entender como propias da linguaxe non especializada.

(2) Complétase a información obtida das fontes compiladas.

Normalmente, engádese aquilo que consideramos máis útil para quen consulta: denominacións equivalentes noutras linguas, denominacións inadecuadas de uso habitual, indicación da área temática, definicións...

(3) Analízase a denominación galega que se aconsellaba na fonte compilada.

Isto é especialmente importante nos casos en que varias fontes poñen denominacións diferentes ou contraditorias para un mesmo con-

cepto. Neses casos facemos unha valoración crítica –que pode levarnos a preferir unha delas, a incluílas todas como sinónimas ou a propor unha alternativa diferente–, xustificamos e argumentamos a decisión adoptada e outorgámoslles unha *marca de valoración*<sup>4</sup>.

Tendo en conta todo o devandito, é evidente que o lexicógrafo non pode recorrer ao *bUSCatermos* da mesma forma ca a un corpus –xa que a maior parte da información non procede de usos reais documentados senón de fontes secundarias–, a un dicionario de dicionarios –a información destas fontes secundarias non se conserva no seu estado orixinal– ou a un dicionario descritivo –existe unha vontade orientadora do uso explicitamente declarada.

Pero aínda así, pode ser un material interesante para tirar del información de cara a traballos de lexicografía especializada, ou para as entradas e acepcións especializadas presentes nas obras lexicográficas xerais.

Por exemplo, as máis de 50.000 definicións<sup>5</sup> de conceptos pertencentes a ámbitos temáticos moi diversos poden ser útiles no proceso de elaboración de dicionarios monolingües, tanto xerais como especializados.

Para traballos lexicográficos bilingües ou multilingües poderíase tirar partido do feito de que para a maioría dos conceptos descritos se ofrezan denominacións en máis dun idioma. Así, existen equivalentes casteláns para preto de 70.000 deles, ingleses para máis de 30.000, portugueses para preto de 20.000, franceses para case 13.000, e cantidades menores para o alemán, o italiano ou o catalán.

Os autores de produtos con vocación correctiva (dicionarios de dúbidas, dicionarios que inclúen no corpus de entradas formas *incorrectas*...) poderían obter datos relevantes dos máis de 2.000 rexistros en que a información ofrecida para un concepto inclúe unha *denominación problemática*. Empregamos esta categoría para referirnos a aquelas que, sendo moi frecuentes no uso real, consideramos que deben evitarse por non seren adecuadas para designar ese concepto.

E finalmente, tamén poden ter interese os varios miles de propostas denominativas neolóxicas, realizadas polo persoal do SNL co fin de resolver as cuestións terminolóxicas que van xurdindo de forma puntual vinculadas ao labor de asesoramento lingüístico. En concreto, produtos

4. Esas marcas, que abranguen desde o grao 1 (termos normativos) ata o grao 5 (termos por resolver), asígnanse segundo uns criterios que se detallan en <http://www4.usc.es/buscatermos/Caracteristicas.htm>.

5. Estas definicións poden proceder dos traballos que se foron compilando ou ben ser elaboradas polo persoal do SNL ou polos especialistas da USC que colaboran con nós.

como dicionarios descritivos, dicionarios de neoloxismos ou dicionarios de dúbidas poderían reutilizar con proveito eses materiais.

En resumo, aínda que a utilidade que para o traballo lexicográfico pode ter a parella *bUSCatermos/BDT* non pode compararse á de fontes documentais primarias, como os cörpera, non deixa de ser un recurso interesante do que se podería tirar información relevante para a elaboración de diferentes produtos lexicográficos. Agardemos que nun futuro próximo un *bUSCatermos* aberto á consulta libre poida amosar na práctica estas potencialidades.